



CONCELLO DE  
VIANA DO BOLO

*Dende o Concello de Viana do Bolo informamos que:*

*Esta semana o Concello de Viana do Bolo deu por constituído o Xurado que elixirá o Cartel do Entroido 2020 e da 50 Festa da Androlla.*

*Dito Xurado está conformado por recoñecidas personalidades relacionadas co mundo das artes plásticas coma son:*

*Xosé Lois González Vázquez “O Carrabouxo”, recoñecido e premiado debuxante galego, que recibiu entre outros recoñecementos a “Medalla Castelao” no 2008 e o premio “Bo e Xeneroso” da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega no 2013. O “Carrabouxo” consegue, coas súas caricaturas, reflexar a retranca e a ironía típica dos/as galegos/as.*

*Mónica Alonso López é Doutora en Belas Artes pola Universidade de Vigo. Leva traballando como artista plástica dende 1994 realizando múltiples exposicións individuais e colectivas tanto en Galiza como internacionais. Recibiu numerosos premios e Bolsas de creación. Destaca a exposición que o CGAC lle dedicou en 2003. A exposición “Mulleres do Silencio” 2016 a consolidou como unha das artistas galegas relevantes do último século. As súas inquiredanzas van máis alá e realiza traballos no ámbito da arquitectura, a investigación e o comisariado.*

*Mercedes Vázquez Saavedra, fotógrafa e escritora de recoñecido prestixio cuxas exposicións están moi ligadas ao mundo rural, das mulleres e das máscaras tradicionais. Grazas a esta ligazón ao mundo da máscara, nos anos 2018 e 2019, Mercedes Vázquez levou a cabo a mostra fotográfica itinerante “Viaxe polo mundo da Máscara”. Esta mostra que xa se expuxo en gran parte da xeografía galega e do norte de Portugal, abrangue fotos das máscaras de Galiza, Portugal, Asturias, Cantabria, León, Zamora, Extremadura e Andalucía, está actualmente ubicada na Casa da Cultura de Viana do Bolo.*

*Nos próximos días elixirán o cartel gañador. Sorte a todos/as os/as participantes!*